

AXUDAS PARA ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECIFICA DE APOIO EDUCATIVO PARA O CURSO 2022-2023 (becas de Educación Especial).

Documentación para solicitar

A TER EN CONTA:

1.- Na FOLLA 1 para **autorizar** á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) a facilitar os datos económicos ás administracións educativas .

2.- No apartado A CUMPRIMENTAR POR TODOS/AS OS/AS SOLICITANTES por parte do pai/nai/titor, e, no seu caso, o resto de membros maiores de idade da unidade familiar. (Todos teñen que asinar)

Nota: (Considéranse membros da unidade familiar: o solicitante, o pai/nai ou titor/a, os irmáns solteiros que vivan no domicilio familiar, ou de calquera idade cando sexan discapacitados, e os ascendentes dos pais do solicitante que vivan no domicilio familiar)

Lembrar que de acordo coas bases da convocatoria a **falta de sinaturas** nestas dúas páxinas será causa de **denegación** da bolsa ou axuda.

Presentarase tamén documentación acreditativa do certificado de discapacidade.

DOCUMENTACIÓN A APORTAR:

- A solicitude, que se cubrirá na páxina web da sede electrónica do Ministerio de Educación. Poden copiar este enlace para acceder directamente: <https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/estudiantes/becas-ayudas/para-estudiar/deportivas/necesidad-especifica-apoyo-educativo.html>

- Copia dos datos identificativos da conta bancaria (código conta cliente). O solicitante (alumno) deberá figurar obrigatoriamente entre os titulares ou cotitulares da conta.

- Copia do DNI ou no seu caso número de identificación de estranxeiro (NIE) de todos os membros da unidade familiar maiores de 14 anos
- Copia dos xustificantes das situacións que declare o solicitante no apartado H: familia numerosa, minusvalía do solicitante ou de algún irmán, etc.
- Informe do Gabinete onde vai a empregar a axuda o solicitante.
- Declaración responsable das persoas que impartan a reeducación pedagóxica ou da linguaxe, que reúna os requisitos de formación esixidos.



MOI IMPORTANTE:

O prazo para presentar as solicitudes no centro escolar remata o 30 de Setembro de 2022.

Se tedes algunha dúbida ou precisades algunha aclaración póndevos en contacto co centro.

Tomiño a , 24 de Maio de 2022.

O orientador